




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

CEIP MANUEL MATO VIZOSO



Rúa Quart de Poblet s/n
27800 – VILALBA – LUGO
TFNOS: 982870888/ 982 870889/ 982 870890
<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipmatovizoso/>
Correo electrónico: ceip.mato.vizoso@edu.xunta.es

PLAN DE ACOLLIDA

CEIP MANUEL MATO VIZOSO

2020-2021

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN
2. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO
3. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL NECESARIA
PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU DE
SER O CASO NON PRESENCIAL.
4. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS

1. Xustificación

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida” para o reinicio da actividade lectiva presencial o vindeiro 10 de setembro.

2. Novas normas de organización do centro

-ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS E SAÍDAS

O obxectivo principal da proposta que facemos a continuación é evitar as aglomeracións e os tempos de espera nas entradas e saídas.

- O éxito desde plan vai depender do cumprimento estrito dos horarios establecidos tanto polas familias como por parte do profesorado e servizo de transporte.

Diferenciamos 3 portas de acceso ao recinto escolar.

- Porta principal 1 : infantil , 1º e 2º de primaria
- Porta principal 2: 3º, 4º, 5º e 6º de primaria
- Porta traseira: porta optativa para o alumnado non transportado.

ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS

As portas do centro abriranse ás 09:15 para o alumnado transportado e ás 09:25 para o non transportado.

Alumnado de infantil

-Entrará ao centro pola porta principal 1 e accederán ao aulario pola porta lateral ,onde se colocarán no patio cuberto na súa correspondente fila, previamente marcadas no chan e mantendo a distancia de seguridade entre os diferentes grupos. Haberá un mestre de garda nese patio.

-Só poderá acompañar un membro da familia ao alumno/a ata a porta do aulario, gardando sempre a distancia de seguridade entre o resto de acompañantes. O uso de máscara para os acompañantes é obrigatorio.

-O alumnado accederá ás aulas ás 09:30 comezando por 4º de infantil, despois 5º de infantil e por último 6º de infantil.

Alumnado de primeiro

-O alumnado de 1º dirixirase ao aulario e accederá directamente á súa aula. Na porta do aulario haberá unha persoa de garda e os mestres estarán agardando nas aulas correspondentes.

Alumnado de segundo e terceiro

-Diríxense ao patio interior onde están as oficinas e acceden directamente ás súas aulas. Haberá unha persoa de garda na porta e os mestres estarán agardando nas aulas correspondentes.

Alumnado de cuarto , quinto e sexto

-Diríxense ao patio interior onde está a aula de música e acceden directamente ás súas aulas. Haberá unha persoa de garda na porta e os mestres estarán agardando nas aulas correspondentes.

As entradas faranse de maneira ordenada e o uso de máscara é obrigatorio.

ORGANIZACIÓN DAS SAÍDAS

O alumnado non transportado será entregado ás 14:30 na porta asignada.

O alumnado do transporte urbano sairá ás 14:25.

As saídas faranse polo portalón grande.

Usuarios comedor

Quenda 1 (infantil , 1º e 2º de primaria)

O alumnado non transportado será entregado ás 15:10 na zona asignada.

- Infantil: pavillón
- 1º primaria: porta principal do aulario.
- 2º primaria : porta traseira patio da aula de música.

O alumnado transportado colocarse na fila da súa ruta de autobús gardando as distancias de seguridade.

Quenda 2 (3º , 4º, 5º e 6º de primaria)

O alumnado non transportado será entregado ás 15:25 .

-3º e 4º primaria pola porta dianteira do patio da aula de música.

-5º e 6º primaria pola porta traseira do patio da aula de música.

O alumando transportado incorporarse ás filas de autobús da primeira quenda para saír inmediatamente.

INSTRUCCIÓNS XERAIS

- Nas entradas as familias non accederán ao recinto escolar, agás en educación infantil, no que un familiar poderá acompañar ao neno/a ata a porta do aulario.

- Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou xogando nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do centro.

- Informarase ás familias de que non poden facer aglomeracións nos accesos ao recinto escolar.

- Para facer efectiva a entrada ao recinto escolar haberá 5 mestres de garda e os demais estarán nas aulas agardando polo alumnado. Todo isto para que as entradas ao recinto escolar se dean en condicións de seguridade.

- As entradas e saídas faranse de maneira ordenada e o uso de máscara é obrigatorio.

- Os grupo de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos.

- As titorías serán preferiblemente por vía telemática ou telefónica. De ser necesario a reunión presencial farase na aula, gardando as medidas de hixiene e seguridade adecuadas.

- As reunións de centro, Claustro, Consello Escolar e ANPA realizaranse na biblioteca, respectando o aforo máximo establecido, empregando sempre a máscara e cunha correcta ventilación do local. No caso de non poderse facer de xeito presencial serán telemáticas.

- O uso de máscara será obrigatorio nos desprazamentos polas instalacións do centro e no recreo.

- Este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro que impliquen grandes aglomeracións de persoas. En todo caso poderanse facer celebracións que eviten mesturas de alumnado de diferentes niveis e sempre que o tempo o permita ao aire libre. Levaranse a cabo labores de desinfección antes e despois da celebración.

-Aforos

- Baños: 1 persoa
- Sala mestres: 6 persoas
- Biblioteca: 30 persoas
- Conserxería : 3 persoas.

- Recreos e merendas

- Haberá dúas quendas de recreo, unha para infantil e outra para primaria.
- En cada unha das quedas as zonas de recreo estarán limitadas.
- En caso de choiva o alumnado quedará nas aulas.
- As merendas realizaranse de xeito individual, en espazos diferenciados e de ser posible no patio exterior.

3. Actuacións de prevención, hixiene e protección

Prevención:

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:
 - Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
 - Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
 - Establecer quendas de recreo.
 - Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
 - Regular o acceso aos aseos
- Distancia social:
 - Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
 - Evitar situacións de contacto físico.
- Responsabilidade individual:
 - O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa covid.
 - As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.

Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

- Hixiene xeral do centro:
 - Reforzar o servizo de limpeza aumentando o persoal.
 - Realizar desinfeccións dos aseos como mínimo dúas veces pola mañá.
 - Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
 - Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.

- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.
- Hixiene persoal:
 - Facer varias limpeza e desinfección das mans (mínimo 5 veces diarias), para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
 - Adquirir hábitos como tusir ou esberrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
 - Aprender a manipular correctamente as máscaras.
- Rutinas de responsabilidade individual:
 - Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel.
 - Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exixe da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:
 - Xel: en todas as aulas e espazos comúns
 - Xabón: nos aseos.
 - Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
 - Solución desinfectante: nas aulas

Protección:

- Uso de máscara:
 - Uso obrigatorio para todo o profesorado.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado en zonas comúns e recreos.
 - Uso obrigatorio para todo o alumnado de primaria dentro das aulas, en educación infantil é recomendable.
 - Uso obrigatorio en Educación Física, agás que sexa no exterior 2 metros de distancia.
- Pantallas:
 - Para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- Corresponde á empresa de limpeza xestionar, planificar , organizar e desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire.
- O Equipo Covid será a referencia da comunidade educativa en relación as funcións recollidas no Plan de Adaptación á situación covid.
- **Espazo de illamento**. Estará situado no primeiro andar do aulario, entre a clase de 1º B e a aula de vídeo. Estará dotado de material de protección individual, luvas e máscaras. Tamén de panos desbotables, dispensador de xel e papeleira de pedal.
- **Rexistro e inventariado e protocolo de compra e difusión** do material de protección recollidas no Plan de Adaptación.
- **Xestión de abrochos**: recollida no Plan de Adaptación.
- Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor, segundo a cartelería recollida no Plan de Adaptación Covid 19 .

- Espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 10 minutos e labores de limpeza básica do espazo e material de traballo persoal.
- Establecer como rutina de aula a limpeza dos espazos de traballo individual por parte do alumnado ao rematar a xornada.
- Realizar a psicomotricidade e outras actividades de aula, sempre que a climatoloxía o permita, ao aire libre.
- Farase como mínimo ventilación dos locais ao comezo da xornada, en cada cambio de clase , durante o recreo e á saída.

4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou de ser o caso non presencial.

A competencia dixital consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento. Nas circunstancias actuais e como consecuencia da pandemia do Covid 19 é imprescindible certo dominio das TICS.

A adquisición desta competencia realizarase de maneira transversal e teranse en conta os seguintes aspectos:

- **A información** : buscar e seleccionar datos, recoñecer fontes fiables, contrastar a información, destacar a que é relevante...
- **A comunicación**: interaccionar mediante as novas tecnoloxías e compartir a información.
- **A seguridade**: coñecer os perigos e ameazas da rede e manexar diferentes medidas de seguridade.

Tratarase como obxectivo xeral empregar as TIC como vía de comunicación e recurso para adquirir aprendizaxes significativas. Para o desenvolvemento da competencia dixital realizaranse as seguintes accións concretas:

- Uso do libro dixital e da aula virtual. Darase de alta ao alumnado dende infantil ata 6º de primaria.
- Charla informativa sobre a seguridade e perigos de internet.
- Elaboración de traballos a través de medios dixitais.
- Uso de plataformas dixitais
- Emprego da pizarra dixital, aula de informática....

O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias.

O equipo TICS será o responsable do mantemento da aula virtual.

En caso de ensino semipresencial ou non presencial cada titor informará ao Director do centro daqueles alumnos/as con dificultades de conexión ou falla de equipamento para tratar de dar resposta ao problema.

5. Atención aos aspectos emocionais e sociais

A situación da pandemia do Covid-19 e o confinamento alterou en gran medida a vida diaria da comunidade educativa. Interrompeuse a vida cotiá dos alumnos e alumnas ao ter que deixar de asistir ao colexio, o contacto físico con familiares e amigos e posiblemente escoitaron ou viron pola televisión noticias referentes á enfermidade.

Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato, a metodoloxía de aula e a metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras. Por este motivo o alumnado en ocasións traballará por grupos dentro do grupo estable para motivar ao alumnado cara ás aprendizaxes activas por medio de metodoloxías innovadoras propias do noso PE como a aprendizaxe cooperativa e manipulativa.

Tratarase de dar resposta ás diferentes situacións emocionais dos nosos alumnos/as e das dúas familias a través das seguintes actuacións:

- Atenderase e acollerase ao alumnado coidando moito a súa situación emocional.
- Realizaranse actividades dinámicas de grupo que axuden á xestión emocional dos nenos e nenas.
- Empregaranse diferentes metodoloxías, mais participativas e baseadas principalmente no diálogo e na comunicación, onde os alumnos e alumnas podas compartir os seus sentimentos e emocións vividas.
- Potenciarase unha educación eficaz e competencial en base a adquisición de hábitos saudables, e dinámicas de traballo cooperativo, que prepare ao alumnado para a participación activa na vida real no momento presente e futuro, dende unha perspectiva persoal, social, científica, humanística, histórica, artística, académica e profesional.
- O Departamento de Orientación atenderá de forma máis individualizada a aqueles nenos e nenas que presenten unhas necesidades máis específicas.